

Estimadas familias:

Con motivo da organización neste curso 2024-2025 da Viaxe de Fin de Curso de 1º de Bacharelato na semana do 7 ao 11 de abril de 2025, envíámosses a seguinte información:

1. A viaxe será a Madrid.
2. O prezo, áinda aproximado, aproximadamente será 500€ (hai problemas cos hoteis para un grupo tan grande e a axencia de viaxes non é quen de pechar o prezo a día de hoxe).
3. Haberá que facer o primeiro ingreso de **105€** na seguinte conta da axencia BTtravel coa que estamos a organizar a viaxe **antes do 20 de outubro**:  
**ES60 2080 5027 2130 4004 5354.**  
**Concepto indicando nome completo do alumno/a, lugar e instituto.**  
Exemplo: Mario Pérez López, Madrid, IES Valadares

## CUESTIÓNS RELATIVAS Á CONTRATACIÓN DAS VIAIXES

1. A realización das viaxes queda supeditada a que non se produza ningunha circunstancia adversa ou causa de forza maior que a Dirección do Instituto considere que poida ser un impedimento para a realización das actividades.
2. De producirse unha cancelación, polos motivos expostos, pode non devolverse unha porcentaxe (de xestión da empresa/axencia organizadora) do diñeiro aportado, sempre que así figure no contrato asinado entre a axencia que organiza e as familias.
3. A sinatura desta circular é un **COMPROBANTE FIRME** de participación nas viaxes nos termos indicados.
4. As familias que posteriormente soliciten causar baixa nas viaxes, perderán os cartos aportados agás haxa un motivo de extrema urxencia.

## CUESTIÓNS RELATIVAS AO DESENVOLVEMENTO DAS VIAIXES

As viaxes están organizadas polo IES Valadares en base ás normativas existentes para este tipo de actividades.

O alumnado participante nas viaxes e as súas familias aceptan as normas que a continuación se describen:

1. Respectar ao profesorado encargado do grupo, así como aos monitores encargados de actividades no lugar de destino ou aquel persoal necesario para o desenvolvemento de visitas ou actividades.
2. Respectar ao resto de participantes.
3. Respectar a propiedade e normas do aloxamento de destino e/ou lugares onde se leven a cabo as actividades contratadas. Ademais, deberán facer un bo uso dos materiais afectos ás actividades.

4. Manter unha boa conduta. Neste punto é necesario indicar que se tomarán as medidas disciplinarias necesarias para a boa consecución das viaxes, puidendo ser advertidos os participantes a causa das súas condutas. Dependendo da gravidade do comportamento de calquera participante, poderase dar aviso á súa familia podendo mesmo ser expulsado da actividade ou da viaxe.

Nota aclaratoria 1: Para a participación na viaxe será preciso observar un bo comportamento durante o curso. No caso contrario, a Dirección do Instituto poderá determinar que un alumno/a (ou vario/as) non participe na viaxe áinda que estivesen anotados.

Nota aclaratoria 2: A dirección do IES Valadares poderá solicitar a recollida dalgún participante que sexa expulsado por faltas moi graves de comportamento durante a viaxe, debendo as súas familias personarse onde así llelo indique o equipo directivo.

## DEVOLUCIÓN DAS CUOTAS

En caso de cancelación da viaxe, por parte da organización e por causa xustificada, poderanxe reembolsar as cantidades satisfeitas agás a porcentaxe estipulada no contrato por custos de xestión ou necesarios.

Os participantes que causen baixa debido a un motivo sen xustificar, perderán o dereito ao reembolso das cantidades satisfeitas ata a data de solicitude da baixa.

Aos participantes que sexan expulsados durante a viaxe por comportamento grave, non se lles devolverá o importe da viaxe ou dos días non disfrutados.

Aquelhas familias que causen baixa por motivos xustificados (de forza maior), poderán recuperar o diñeiro desembolsado agás a porcentaxe estipulada no contrato por custos de xestión ou necesarios.

A persoa abaixo asinante acepta as presentes normas e confirma a asistencia da alumna ou alumno \_\_\_\_\_ do curso \_\_\_\_\_ á viaxe organizada polo IES Valadares.

Datos que se solicitan para emitir factura:

Nome e apelidos da nai ou pai:

DNI da nai ou pai:

Enderezo:

Asdo.\_\_\_\_\_ DNI\_\_\_\_\_

**ENTREGAR ESTE DOCUMENTO CUBERTO E ASINADO XUNTO CO XUSTIFICANTE DO PAGO**